


XOGA LIMPO COA AUGA

A auga é un ben escaso e sensible que hai que usar con moderación e manexar con moita precaución.




Evita o verquido de todo tipo de produtos contaminantes: medicamentos, pinturas, vernices, aceites, disolventes, pesticidas, lixivias...



Utiliza sistemas de rego que aforren auga.



Aproveita as augas de cocer verduras para regar as plantas.



Date unha ducha en vez dun baño
Ducharse na vez de bañarse permite aforrar entre 70 e 90 litros de auga.

No baño: non deixes pingar as billas e pechaas mentres non uses a auga.

Nun lavado de dentes ou nun afeitado pódense aforrar 10 litros de auga.



Na lavadora: clasifica a roupa antes de lavalas, evita os prelavados, lava con auga fría, enche a lavadora a tope.

Na cociña: usa o lavavaixelas so cando estéa cheo.

Enche a cubeta do fregadeiro para lavar a louza.



Unha billa que pinga estraga 30 litros de auga cada día, se ten un furado de 1 mm de diámetro perde 150 l, se o furado é de 2 mm perde 325 l E se a abertura é de 5 mm deixa fuxir 3.500 l de auga.



Tira o menos posible da cisterna ou colócalle dentro unha botella chea de auga para reducir a súa capacidade. Comproba o seu bo funcionamento.

Unha cisterna que pinga pode perder máis de 150 litros de auga cada día.



Adela Leiro
Mon Daporta

Cada persoa gasta diariamente máis de 200 litros de auga, 150 úsanse no baño, máis da metade sen ningunha finalidade.

CARTA EUROPEA DA AUGA

Documento asinado o 6 de Maio de 1968 polo Comité de Ministros do Consello de Europa.

1.- Non hai vida sen auga. A auga é un estimado ben, indispensable para todas as actividades humanas.

2.- Os recursos en auga doce non son inesgotables. É indispensable preservalos, controlalos e, se é posible, incrementalos.

3.- Alterar a calidade da auga é prexudicar a vida do ser humano e dos outros seres vivos que dependen dela.

4.- A calidade da auga debe ser preservada a uns niveis que estean adaptados aos seus usos previstos e debe satisfacer, fundamentalmente, as esixencias da saúde pública.

5.- Cando a auga, despois do seu uso, se devolve ao medio natural, non debe comprometer as utilizacións posteriores, tanto públicas como privadas, que se poden tirar dela.

6.- O mantemento dunha cuberta vexetal axeitada, preferentemente forestal, é esencial para a conservación dos recursos en auga.

7.- Os recursos en auga deben ser obxecto dun inventario.

8.- A boa xestión da auga debe ser obxecto dun plan elaborado polas autoridades competentes.

9.- A salvagarda da auga significa un esforzo crecente de investigación científica, de formación de especialistas e de información pública.

10.- A auga é un patrimonio común, cun valor que debe ser recoñecido por todos. Cada un ten a obriga de economizala e de utilizala con siso.

Marzo
22
Día Mundial da Auga

Esta data serve para recordarlle á humanidade a necesidade de tratar a auga como un patrimonio colectivo que non se debe estragar.